



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TÉCNICO EN PROCESAMENTO E TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA.

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 30 de novembro de 2021, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Procesamento e Transformación da Madeira.

- Propón engadir que a rateo máxima será de 20 alumnos/as por aula nos módulos de carácter teórico e de 10 nos módulos prácticos.
- Para o artigo 1 propón engadir a referencia ao ciclo formativo de grao medio, quedando o texto como segue: "Este decreto ten por obxecto establecer o currículo do ciclo formativo do grao medio que será de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional relativas ao título de técnico en Procesamento e Transformación da Madeira, establecido polo Real decreto 838/2020, do 15 de setembro".
- Para o artigo 9 propón introducir un novo apartado u) co seguinte texto "Xestionar recollida, selección, clasificación e reciclaxe de vertidos e residuos derivados da actividade realizada."
- Para o artigo 12 propón engadir un punto 1 co seguinte texto: "Para impartir os módulos do bloque común e os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe de carácter conceptual dos módulos do bloque específico do ciclo formativo de grao medio de técnico en procesamento e transformación da madeira, a relación profesorado/alumnado será de 1/20".
- Para o anexo I, na unidade formativa 1 do módulo profesional materiais en carpintaría e moble, criterio de avaliación CA1.1., propón engadir o texto "e especialmente de Galicia", quedando o texto como segue: "CA1.1. Analizáronse os principais tipos de bosque de España e especialmente de Galicia e a súa xestión de explotación, tendo en conta as diferenzas entre as especies de madeiras máis significativas."
- Para o anexo I, na unidade formativa 1 do módulo profesional materiais en carpintaría e moble, propón a substitución do texto do criterio de avaliación CA1.3. "Levouse a cabo un estudo sobre a planificación dos aproveitamentos forestais de España." polo seguinte: "Levouse a cabo un estudo sobre a planificación dos aproveitamentos forestais de Galicia e do resto de España."





- Para o anexo I, na unidade formativa 1 do módulo profesional materiais en carpintaría e moble, propón a substitución do texto do criterio de avaliación CA2.2. "Identificáronse as principais madeiras españolas e de importación polo seu nome comercial e a súa especie, e clasificáronse como coníferas ou frondosas." polo seguinte: "Identificáronse as principais madeiras galegas, madeiras do resto de España e madeiras de importación polo seu nome comercial e a súa especie, e clasificáronse como coníferas ou frondosas."
- Para o anexo I, na unidade formativa 1 do módulo profesional materiais en carpintaría e moble, propón a substitución do texto do terceiro contido básico do BC2. Identificación de tipos de madeira "Madeiras españolas e de importación: coníferas e frondosas." polo seguinte: "Madeiras galegas, madeiras do resto de España e madeiras de importación: coníferas e frondosas."
- Para o anexo II, A) Espazos mínimos, propón a substitución na segunda columna da táboa do texto "30 alumnos/as" por "20 alumnos/as", e a substitución na terceira columna de "20 alumnos/as" por "10 alumnos/as".
- Para o anexo II, A) Espazos mínimos, propón a supresión da segunda columna enteira (o relacionado con 30 alumnos).
- Para o anexo II, A) Espazos mínimos, propón a substitución do texto "trinta postos escolares" polo texto "vinte postos escolares".


Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2021

O secretario


Xosé María López Carretero



Visto e prace
O vicepresidente


Fernando del Pozo Andrés